

c) Lugar de presentación:

1. Entidade: rexistro xeral do Concello de Vigo.
2. Enderezo: praza do Rei nº 2. 3. Localidade e código postal: Vigo, 36202.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso): tres meses desde o día de apertura de ofertas económicas.

e) Admisión de variantes (concurso): non.

10. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Vigo. b) Enderezo: praza do Rei nº 2. c) Localidade: Vigo, 36202. d) Data: o primeiro luns seguinte á data en que remate o prazo de presentación de proposicións. e) Hora: 11.30 horas.

11. Outras informacións.

12. Gastos de anuncios: pagaraos o adxudicatario.

13. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org.

Vigo, 28 de decembro de 2006.

Javier Guerra Fernández
Concelleiro delegado da Área de Xestión
Municipal

c) OUTROS ANUNCIOS

AUTORIDADE PORTUARIA
DE VILAGARCÍA DE AROUSA

*Resolución do 12 de decembro de 2006
pola que se procede a realizar convoca-
toria pública de selección dunha praza
de xefe/a da Unidade de Infraestruturas.*

Prazas: 1 xefe/a da Unidade de Infraestruturas.

Tipo de contratación: temporal de interinidade por vacante de excedencia especial.

Funcións:

Correspóndelle especialmente, e entre outros, os seguintes cometidos:

-Realización e planificación de proxectos e obras, tanto novas como derivadas de modificacións das xa existentes, estudando e valorando as ofertas recibidas.

-Control e seguimento técnico e económico, vixilancia das medidas de seguridade e saúde.

-Recoñecemento final das obras, coordinación das certificacións e demais documentación.

Requisitos:

-Enxeñaría de camiños, canais e portos.

-Galego falado e escrito.

-Autonomía, capacidade de integración en equipos de traballo e dotes de organización e mando do persoal ás súas ordes.

-Dedicación exclusiva.

Solicitudes:

As persoas interesadas presentarán carta de solicitude (escrita á man, na que ademais se aceptarán expresamente as bases do concurso) e *curriculum vitae* acompañado da documentación acreditativa, indicando a referencia: «Xefe/a de Unidade de Infraestruturas», no Rexistro de Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, sito no Peirao Pasaxeiros, 1, 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), en horario das 9.00 ás 14.00 horas, en días laborables. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

As bases desta convocatoria estarán expostas na páxina web: portovilagarcia.com e nos taboleiros de anuncios da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa.

Vilagarcía de Arousa, 12 de decembro de 2006.

Jesús Paz Arias

Presidente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa



INFORMA

FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS
SANITARIAS DE GALICIA-061

Corrección de erros.-Anuncio da convocatoria pública dos seguintes postos para a contratación indefinida do seu cadro de persoal, de acordo coas seguintes bases.

Advertido erro no devandito anuncio publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 245, do 22 de decembro de 2006, na páxina 18.739, procédese a efectuar as oportunas correccións.

Punto 1.2.-Onde di: «Por ter o título de experto universitario en enfermería de urxencias...: 4 puntos», debe dicir: «Por ter o título de experto universitario en enfermería de urxencias...: 2 puntos».

Punto 2.1.-Servizos prestados.

Onde di: «Por cada mes completo de servizos prestados como ATS/DUE en urxencias hospitalarias e extrahospitalarias...: 1 punto», debe dicir: «Por cada mes completo de servizos prestados como ATS/DUE en urxencias hospitalarias e extrahospitalarias...: 0,3 puntos».

Onde di: «Por cada mes completo de servizos prestados como ATS/DUE noutros servizos hospitalarios...: 0,50 puntos», debe dicir: «Por cada mes completo de servizos prestados como ATS/DUE noutros servizos hospitalarios...: 0,15 puntos».

Onde di: «Por cada mes completo de servizos prestados como ATS/DUE en urxencias hospitalarias nunha institución sanitaria privada...: 0,2 puntos», debe dicir: «Por cada mes completo de servizos prestados como ATS/DUE en urxencias hospitalarias nunha institución sanitaria privada...: 0,06 puntos».